

**César Antonio Molina Sánchez**, A Coruña, 1952.

Escritor e político español. Ministro de Cultura entre 2007 e 2009.

Proposta que xurde da necesidade, neste momento (tempo xusto e de certos esquecementos) e por parte dunha institución coruñesa, de recoñecer a un singular coruñés, despois de que ocupase singulares cargos.

O currículo de César Antonio Molina é moi intenso como polígrafo que é, mesmo dentro dunha tradición coruñesa que levou a esta Academia, a numerarios ou presidentes de honra como foi Carlos Martínez-Barbeito y Morás, facetas nas que entra o ser humano como creador, artístico, literario, musical, etc.

- Licenciouse en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela e en Ciencias da Información pola Complutense de Madrid. Doctorouse *cum laude* co traballo de investigación “La prensa literaria española”, publicado en tres volumes.
- Foi profesor da Complutense de Madrid e seguiu séndoo nos últimos anos, na facultade de Humanidades e Periodismo da Universidade Carlos III de Madrid. Durante varios años coordinou os Cursos de Humanidades da Universidade de Verán de El Escorial.
- César Antonio Molina, como periodista e escritor que é, mantivo sempre como *leit motiv* a súa cidade e a Torre de Hércules. Mesmo rescatou, estudou e fixo posible a publicación da revista Alfar, interaccionando arte, sociedade e literatura; aspecto que sempre coidou enormemente cunha ansia informativa e formativa. Entre 1985 e 1996 traballou en Cambio 16 e Diario 16 onde foi director adxunto e responsable das páxinas de Cultura e Espectáculos, así como dos suplementos Culturas e Libros.
- Autor de seis tomos titulados “Memorias de ficción”, crónicas de viaxes e crítica de arte e literaria, nas que se adentra como poucos en contextos espaciais, temporais e sociais de creadores, interaccionando os uns nos outros. Aspectos nos que é unha figura senlleira. Creadores, movementos artísticos, monumentos, museos...entran sempre na súa literatura, densa.
- Director-xestor, reanimador do Círculo de Bellas Artes de Madrid, no que reivindicou ao seu arquitecto, o porriñés Antonio Palacios. Reestruturando continente e contidos. Actividades ás que sempre foron convidados creadores galegos.
- Director do Instituto Cervantes, onde a presenza de creadores galegos foi constante en exposicións e conferencias. (2004-2007)
- 6 de xullo de 2007 foi nomeado Ministro de Cultura en substitución de Carmen Calvo, polo goberno do PSOE de José Luis Rodríguez Zapatero. O 9 de marzo de 2008, nas eleccións xerais, obtivo un acta de deputado ao Congreso de los Diputados pola provincia da Coruña. Trala profunda remodelación do Goberno do 7 de abril de 2009, deixou o Ministerio de Cultura. Nesta etapa como Ministro de Cultura (2007-2009), Galicia e a Coruña estiveron nas súas prioridades. Rescatando a proposta da Torre de Hércules para Patrimonio da Humanidade, mesmo solapando a outras candidaturas moi adiantadas como a do Ferrol da Ilustración. Facendo que esta vella proposta da Academia Galega de Belas Artes, conseguira a inclusión no listado de Patrimonio da Humanidade. Tamén durante o

seu cargo como Ministro auxiliou á Academia Galega de Belas Artes e a outros colectivos artísticos e literarios con axudas.

- Realizou a doazón de toda a súa biblioteca, con preponderancia de volumes sobre Historia da Arte, á Excma. Deputación Provincial da Coruña.
- Actualmente é Socio do Despacho Cremades & Calvo-Sotelo Abogados.
- Entre as súas condecoracións e recoñecementos: Premio Fernández Latorre (2004), Cabaleiro das Artes e das Letras de Francia (2005) e Cabaleiro Gran Cruz da Orden de Carlos III (2009), Gran cruz da Orde ao Mérito da República Italiana (2009) e Condecoración Orde ao Mérito de Bernardo O'Higgins (Chile) (2009); Doutor Honoris Causa de varias Universidades, entre elas a Universidade de Nápoles, A Oriental (2009), Medalla Castelao de Galicia (2010), Medalla de Ouro ao Mérito da República de Serbia (2017) e o Premio Literario das Letras de Bretaña (2007) e o Premio Internacional de Periodismo Cidade de Cáceres (2015)

#### BIBLIOGRAFÍA:

*Épica*. A Coruña: Argrove, 1974. 45 p. DL C-615-1974

*Proyecto preliminar para una arqueología de campo* [poesía]. Barcelona: Anthropos, 1978. 103 p. ISBN 84-7457-020-4

*Últimas horas en Lisca Blanca*. León: 1979. 20 p. ISBN 84-00-04527-0

*La estancia saqueada* [poesía]. Barcelona: Los libros de la frontera, 1983. 86 p. ISBN 84-85709-18-7

*La revista Alfar y la prensa literaria de su época (1920-1930)*. La Coruña: NOS, 1984. 397 p. ISBN 84-7540-028-0

*Antología de la poesía Gallega contemporánea*. Madrid. Jucar, 1984. 509p. ISBN 84-334-3059-9

*Gobierno de un jardín*. Cuenca: II MENU, 1986 [Colección Cuadernos de poesía].

*Derivas*. Madrid: Maina, 1987. 84 p. ISBN 84-86384-05-2

*El fin de Finisterre*. Edición bilingüe gallego-castellano. Ferrol [Canalejas, 234-2º]: Sociedad de cultura Valle Inclán, 1988. 50 p. ISBN 84-86046-31-9

*Prensa literaria en Galicia (1809-1920)*. Vigo: Edicións Xerais, 1989. 380p. ISBN 84-7507-395-6

*Prensa literaria en Galicia (1920-1960)*. Vigo: Edicións Xerais 1989. 715 p. ISBN 84-7507-430-8

*Medio siglo de Prensa literaria española (1900-1950)* [ensayo]. Madrid: Endymion, 1990. 394 p. ISBN 84-7731-050-5

*Sobre el iberismo y otros escritos de literatura portuguesa*. Madrid: Akal, 1990. 400p. ISBN 84-7600-501-6

*Las ruinas del mundo*. Barcelona: Anthropos, 1991. 480p. ISBN 84-7658-2870

*El fin de Finisterre*. La Coruña: Diputación Provincial de La Coruña, 1992, 1ª y 2ª edición

*Para no ir a parte alguna*. Valencia: Pre-textos, 1994, 85 p. ISBN 84-8191-0171

*Sobre la inutilidad de la poesía*. Madrid: Huerga y Fierro editores, 1995. 492p. ISBN 84-88-564-11-2

*Nostalgia de la nada perdida; ensayo sobre narrativa contemporánea*. Madrid: Endymion, 1996. 520 p. ISBN 84-7731-222-2

*Vivir sin ser visto* (Memorias de ficción Tomo I). Barcelona: Península, 2000. 238p. ISBN 84-8307-301-3

*A fin de Fisterra* [poesía]. Pontevedra: Diputación Provincial de Pontevedra, 2001. 47. ISBN 84-8457-067-3

*A Coruña, agua y luz*. Edición bilingüe castellano-inglés. Barcelona: Lunwerg, 2001. 254p. ISBN 84-7782-785-0

*Olas en la noche*. Valencia: Pre-textos, 2001. 87p. ISBN 84-8191-356-1

*Regresar a donde no estuvimos* (Memorias de ficción Tomo II). Barcelona: Península, 2003. 461 p. ISBN 84-8307-551-2

*Viaje a la Costa da morte*. Madrid: Hueva y Fierro editores, 2003. 315 p. ISBN 84-8374-390-6

*En el mar de Ánforas*. Valencia: Pre-Textos, 2005 (Colección de poesía) 204p. ISBN 84-8191-650-1

*En honor de Hermes*. Madrid: Huerga y Fierro editores, 2005. 769p. ISBN 84-8374-497-X

*Fuga del amor*. Barcelona: Destino, 2005. 245p. ISBN 84-233-3766-9

*El rumor del tiempo*. Madrid: Círculo de lectores, 2006 ISBN 84-672-1915-7

*Soños nos cantís* (Antoloxía poética 1974-2005). Edición, traducción e notas de Tareixa Roca. A Coruña: Espiral Maior, 2006. 204p. ISBN 84-96475-37-9

*Custode delle antiche forme* (Poesía 1974-2006). (Antología poética). Traducción de Giovanna Calabro. Nápoli: Dante & Descartes, 2007. 115p. ISBN 978-88-6157-014-6

*Eume* (Edición en gallego). Vigo: Editorial Galaxia, 2007. 140p. ISBN 978-84-7154-095-9

*Esperando a los años que no vuelven* (Memorias de ficción Tomo III). Barcelona: Destino, 2007. 512p. ISBN 978-84-233-4004-0

*Eume* (Edición bilingüe castellano - gallego). Valencia: Pre-textos, 2008. ISBN 978-84-8191-904-2

*Lugares donde se calma el dolor* (Memorias de ficción Tomo IV). Barcelona: Destino, 2009. 800p. ISBN 978-84-2334-189-4

*Selected Poems of César Antonio Molina: Bilingual Edition*. Traducción de Francisco Macías Valdés. Edinburg [Texas]: University of Texas-Pan American Press, 2010. 216 p. ISBN 978-0-938738-23-72

*Cielo azar*. Valencia: Pre-Textos, 2011. ISBN 9788415297277

*Donde la eternidad envejece*. Barcelona: Destino, 2012. 538p. ISBN 9788423317875

*La caza de los intelectuales*. Barcelona: Destino, 2014. 526p. ISBN 9788423347971

*La poesía es un error necesario*. Editorial Trifolium. ISBN 978-84-942103-7-2

*Zhivago*. Editorial Trifolium. ISBN 978-84-944092-1-9

*Todo se arregla caminando*. Barcelona. Destino, 2016. ISBN 9788423350797

*Vieja cima*. *Ars Poética*. ISBN 978-84-947330-3-1

*Calmas de enero*. Tusquets Ediciones. ISBN 9788490664704